

V ASEMBLEA NACIONAL

ESTUDAMOS PARA
LIBERAR
GALIZA



TESE
ORGANIZATIVA

TESE ORGANIZATIVA DA V ASEMBLEA NACIONAL DE ERGUER

ANÁLISE DA SITUACIÓN ORGANIZATIVA.....	1
Punto de partida.....	1
METODOLOXÍA DE TRABALLO	2
Traballo de base de Erguer nas aulas.....	3
Erguer nos movementos e loitas sociais	3
Erguer na loita internacionalista	4
RETOS ORGANIZATIVOS PARA UN NOVO CONTEXTO NO ENSINO	5
Ensino medio	5
Formación profesional.....	6
Ensino universitario.....	6
UNHA ORGANIZACIÓN RIGOROSA E COMPETENTE.....	7
A formación dentro e fóra da organización	8
Comunicación efectiva que sume ao noso traballo.....	9
A xestión das finanzas	10

ANÁLISE DA SITUACIÓN ORGANIZATIVA

No período 2022-2024 a prioridade foi consolidar a organización alí onde xa existían zonas funcionais e expandila ao longo do país en todas aquelas onde non conseguimos chegar con anterioridade.

Consegiuse coa activación de todas as zonas ao longo do país con capacidade para desenvolver traballo propio de xeito autónomo. Destaca a recuperación o ano pasado da zona da Coruña, que amosou un potencial elevado, ademais do traballo realizado con mellores ou peores resultados noutras zonas nas que non tiñamos implantación, como o Salnés ou Padrón. Cabe destacar tamén a creación da zona en Ferrol, que aínda faltando consolidación e implantación no territorio, é un avance con respecto á inexistencia da mesma no período anterior.

O traballo realizado e a mellora efectiva da capacidade organizativa de Erguer manifestouse claramente na pasada campaña polo dereito á vivenda. Na folga convocada o 2 de outubro de 2024 conseguíronse levar a cabo mobilizacións en todas as cidades galegas, conseguindo unha vez máis mobilizar o estudiantado galego para loitar polos seus dereitos. Esta folga supuxo un aumento en todo o país da participación respecto á anterior folga do 25 de abril de 2023, coa que abrimos camiño no inicio deste período interassemblear, demostrando que continuamos a avanzar no camiño correcto, sendo a única organización estudiantil galega que está a organizar e mobilizar o estudiantado malia ás dificultades da sociedade actual.

Punto de partida

A IV Asemblea Nacional de Erguer entendíase como un punto de inflexión fundamental na reactivación do estudiantado nacionalista para unha maior incidencia política da súa actividade. Así, a nosa organización encarou o período conseguindo unha grande reactivación do traballo, un aumento da militancia e comezando a recuperar o pulo mobilizador do movemento estudiantil, que estaba desaparecido.

A V Asemblea Nacional de Erguer debe de ser por tanto un espazo de análise e debate colectivos onde se analicen os erros e se poñan en valor os acertos coa fin de continuar no bo camiño iniciado no período pasado e seguir a aumentar a implantación territorial e a capacidade de incidencia da nosa organización.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

O obxectivo fundamental do traballo de Erguer é dar solución ás problemáticas do estudantado e situar a organización como unha ferramenta útil para as estudantes, chamando así a participar nela para mudar as condicións do ensino galego.

Os organismos responsábeis da realización do traballo diario de Erguer deben ser as asembleas de centro, que marcarán as actividades a realizar e avaliarán as realizadas. O centro debe ser o noso marco de traballo fundamental por múltiples cuestións: é nel onde se atopa o ambiente máis mobilizábel, o coñecemento da realidade e a capacidade de actuar como grupo humano, implicando día a día as estudantes nunha nova actividade: a militancia.

O conxunto das asembleas de centro situadas na mesma contorna agruparase nunha asemblea de zona, da cal fan parte todas as persoas que integran Erguer nos distintos centros. Estas asembleas servirán tanto para o soporte e acompañamento do traballo nos centros, como para levar a cabo aquel traballo que pola súa natureza transcende o centro, funcionando baixo a mesma metodoloxía.

A realidade durante o último período asemblear, porén, foi que as asembleas de zona constituíron o órgano básico de funcionamento de Erguer. Debemos aspirar e traballar para avanzarmos neste eido, sumando militantes e alargando a presenza da organización de xeito que o centro vire o órgano fundamental.

Para lograr a maior eficiencia posíbel é fundamental que exista unha comunicación fluída entre as distintas asembleas de centro coa zona, e entre estas e o Consello Nacional, que se realizará a través das persoas responsábeis de centro coa zona e de zona, co Consello Nacional.

O traballo de Erguer tomará a forma de campañas, que poderán ser de ámbito nacional, zonal ou de centro. As campañas poderán ser en resposta ás problemáticas concretas das estudantes ou programadas arredor de datas importantes e/ou acontecementos actuais. A maioría de campañas pódense desagregar en dous enfoques:

- Traballo ideolóxico: consisten na análise da problemática/reivindicación e na proposta de alternativas e melloras que se axusten ao ensino que nós defendemos.
- Traballo axitativo: para lle dar visibilidade e percorrido á campaña realizando unha comunicación axeitada da mesma, a través de repartos de voandeiras, coladas de cartaces, publicacións en redes, actos e actividades, etc.

Traballo de base de Erguer nas aulas

O obxectivo da organización é ser unha ferramenta útil para o estudantado. Para iso precisamos ter presenza nas aulas, garantindo os dereitos das estudantes, así como atendendo, mediando e solucionando as problemáticas que poidan xurdir. A nosa organización ten que estar onde están as estudantes, analizando os nosos problemas e actuando conxuntamente para os resolver.

Para isto o noso traballo debe estar orientado sempre á expansión do movemento estudantil, tanto no ensino medio como na universidade, na formación profesional e nas ensinanzas artísticas.

Neste sentido debemos traballar promovendo a expansión do movemento nos centros de ensino medio tanto nas cidades como no rural e debemos buscar a implantación de asembleas de centro en todos os campus universitarios, así como a nosa presenza nas institucións da universidade, utilizándoas en beneficio do estudantado e evitando caer na trampa de malgastarmos esforzos demais nelas.

Termos unha organización referencial para o estudantado galego comeza por mantermos un intenso traballo de base nas aulas. Non debemos caer en realizar unicamente traballo fóra das aulas (palestras, formacións, debates, vida orgánica), o noso traballo ten que estar centrado en chegar ás máis estudantes posíbeis, e iso comeza na nosa propia aula, no noso centro. Alá onde estea unha compañeira da nosa organización ten que estar o conxunto de Erguer. Sermos referencias na nosa aula cando hai un problema, ter capacidade para organizar a resposta, organizar as compañeiras da nosa aula ou centro, mobilizalas antes as problemáticas, todo isto é chave para podermos expandir a organización, construírmos referencialidade e mudarmos a realidade.

Erguer nos movementos e loitas sociais

Somos unha organización plural situada na esquerda nacionalista galega, encadrada no movemento pola liberación nacional e a procura da república galega. A loita pola república galega ten que vir acompañada por loitas transversais, tanto no eido estudantil, como no social, como son a loita por un ensino popular, o antiimperialismo, a construción da conciencia nacional, o feminismo, o ecoloxismo, ou a loita contra a LGBTfobia, entre outros.

Neste sentido, o noso traballo debe ser tamén o de contribuír a espallar a conciencia nacional nos diferentes niveis educativos, relacionando as problemáticas concretas do estudantado coa situación xeral do noso país e traballando en campañas que permitan concienciar, desde as aulas, coas loitas sociais coas que está comprometida a nosa organización.

Debemos colaborar nos movementos ou plataformas que busquen estes obxectivos en calquera ámbito da sociedade, con especial apoio a aqueles que busquen crear conciencia nacional nas diversas nacións sen estado ou nacións oprimidas.

Erguer defende como principio fundamental a autoorganización do pobo galego. Isto significa que nunha nación colonizada como a Galiza o exercicio da autodeterminación comeza pola organización autónoma e propia da sociedade en todos os eidos, atendendo ás necesidades, ritmos e prioridades da nosa nación e sen nos submetermos a dinámicas impostas dende o Estado.

Para alén diso, o Consello Nacional, coas súas diferentes responsabilidades, traballará nas diferentes campañas a desenvolver ao longo do curso, sempre con este obxectivo no horizonte

Erguer na loita internacionalista

Como organización nacionalista, debemos garantir o noso compromiso coa loita estudantil das nacións sen estado do Estado español, así como coas organizacións estudantís soberanistas e de natureza transformadora do resto de nacións do mundo.

Erguer manterá e tecerá novas relacións en pé de igualdade e beneficio mutuo con organizacións estudantís nacionalistas e independentistas dentro do Estado español coa fin de mellorar a nosa estrutura organizativa, a nosa referencialidade internacional e garantir o noso compromiso coa loita internacionalista.

Do mesmo xeito, Erguer será solidario con outros pobos do mundo que loiten pola súa liberdade. Erguer entende que no día de hoxe o imperio americano é o principal inimigo da liberdade e a paz entre os pobos. O compromiso contra a OTAN e contra todas as manifestacións do imperialismo, tamén as ideolóxicas, debe ser unha constante no traballo de Erguer. Manteremos unha posición coherente, internacionalista e anticolonialista ante os diferentes conflitos que están a ter lugar no mundo actual, salientando o xenocidio na Palestina por parte do Estado de Israel, e artellaremos, cando necesario, unha resposta en chave estudantil e sempre desde unha perspectiva nacionalista galega. Cómpre ter presente que a nosa bandeira, a Bandeira da Patria, é un símbolo de loita antiimperialista, anticolonial e internacionalista, e que representa a loita por unha sociedade en que os diferentes pobos do mundo se relacionen en pé de igualdade e solidariedade.

RETOS ORGANIZATIVOS PARA UN NOVO CONTEXTO NO ENSINO

Neste novo período os principais retos de Erguer son: a consolidación do traballo nas zonas xa constituídas, o reforzo e constitución de novas asembleas de centro nas diferentes zonas e a mellora do funcionamento do Consello Nacional. Así mesmo, cabe destacar a importancia da comunicación entre as asembleas de centro, as asembleas de zona e o Consello Nacional - e viceversa - como garantía para o traballo saír adiante de maneira coordinada e efectiva.

Para isto é necesario que as asembleas de zona e de centro, constituídas ou que se viren constituír ao longo do período, conten con capacidade para analizaren e daren resposta a cuestións específicas. Isto é, en esencia, garantir a súa autonomía e capacidade de funcionamento, sacando o traballo adiante do xeito máis autónomo posible.

Ensino medio

O ensino medio debe ser unha etapa fundamental para o movemento estudantil galego. É unha época de novas ideas e de comezar a desenvolver o pensamento crítico, tamén época de comezar a organizar as estudantes. Termos presenza no ensino medio con capacidade de coñecer as problemáticas dos centros, trasladar análises sobre a situación e propostas para esta fase do ensino resultará fundamental para incorporarmos novas compañeiras que xa desde idades temperás amosan un grande compromiso na loita por un novo modelo de ensino.

No vindeiro período teremos que aumentar os esforzos para desenvolvermos campañas específicas para os institutos do país, en que lle deamos voz ás estudantes desta etapa facéndoas participes das súas problemáticas e protagonistas da loita por mudalas. Isto, sumado a unha mellor coordinación das compañeiras e dos contactos de ensino medio, faranos referenciais nos IES e garantirá o relevo xeracional, dotando as compañeiras que entran en etapas máis temperás de máis experiencias e mellores ferramentas para a loita estudantil.

O traballo no ensino medio resulta fundamental para unha organización estudantil como a nosa que ten vontade de chegar a todo o país. Con este traballo seremos quen de chegar a un sector do estudantado que comeza a ver moitas das inxustizas do sistema educativo e se atopa de primeira man coa españolización do sistema de ensino e a precariedade a que é sometida o ensino público. É vital conectarmos co estudantado de ensino medio, nunha época incipiente da súa conciencia, para lles expor o conflito, axitalos e organizalos na loita por outro modelo de ensino.

Formación profesional

Erguer debe esforzarse tamén por ampliar a súa base na Formación Profesional, ámbito en que existe unha menor implantación do movemento estudantil galego.

Somos coñecedoras das dificultades que entraña a implantación neste nivel educativo, especialmente desde os últimos ataques a esta formación coa implantación da FP Dual ou a eliminación da presencialidade en boa parte dos centros públicos de Formación Profesional. Debemos ser quen de artellar unha resposta organizada atendendo á realidade do estudantado de FP para darnos resposta ao modelo privatizador que tamén ataca este nivel de ensino.

Así mesmo compre analizarmos o impacto que supuxeron as dúas normativas que veñen impulsar e consolidar o modelo de FP Dual, no que as empresas se benefician ao custo dos dereitos das estudantes. Este modelo reflicte precisamente a realidade da FP: o estudantado pasa a metade da súa “formación” traballando nunha empresa sen case coñecemento dos seus dereitos, polo que para nós debe resultar fundamental tecer estratexias de acción en coordinación coa CIG, o noso sindicato nacionalista e de clase de referencia.

Ensino universitario

A nivel universitario o noso traballo debe ser principalmente de carácter organizativo e axitativo, procurando manter, reforzar e activar novas asembleas de centro nas facultades. Alén diso, debemos usar as institucións universitarias na medida en que nos poidan axudar a reforzar o traballo orgánico da organización. O traballo no Claustro, nas Xuntas de Facultade e no Consello do Estudantado non debe ser desleixado e débese pular por conseguir a maior representación posíbel, mais cómpre manter sempre presente que é só unha das ferramenta para acadarmos os nosos obxectivos.

Temos constatado que o traballo de campaña para os organismos de facultade serviu para ampliar a nosa base militante. Debemos pois aproveitar o traballo institucional para mellorar o organizativo e viceversa, de xeito que toda a militancia entenda a importancia de ambos para facer avanzar a loita estudantil e que o estudantado nos vexa como unha organización referente e como unha ferramenta útil.

Porén, non debemos esquecer a capacidade limitada que teñen os órganos de representación estudantil e a nosa presenza neles debe servir para nos mantermos informadas e termos unha posición coherente coas accións e campañas que realizarmos a nivel orgánico. Temos comprobado suficientemente que é moito máis efectivo unha protesta diante dunha facultade ou instituto, ou mesmo diante do goberno dunha universidade, que un voto en contra en

calquera órgano de representación estudantil. Así, a nosa presenza nestes espazos debe servir para reforzar o noso traballo axitativo e obter avances para o estudantado.

Do mesmo xeito, temos que ollar con especial atención a implantación da LOSU nos vindeiros anos, que traerá consigo a actualización dos estatutos das tres universidades galegas, e que abre a porta a recortar en dereitos o estudantado universitario. Cómpre facer especial atención á regulación das folgas (paros académicos, como se recolle a nivel normativo) e esixir a capacidade para a nosa organización e calquera grupo de estudantes organizadas de as poder convocar sen estas teren que pasar por ningún órgano institucional.

Todo isto debe traducirse nunha mellora da capacidade de análise do ensino desde Erguer, ademais dun incremento na súa capacidade de mobilización e resposta.

UNHA ORGANIZACIÓN RIGOROSA E COMPETENTE

Erguer, sendo a organización estudantil referencial para o estudantado galego, debe ter sempre presentes as necesidades reais das estudantes. Ter presenza nos centros de ensino, estar en constante contacto coas estudantes e ter unha participación informada son as bases para podermos definir as problemáticas centrais do estudantado

Para isto débense combinar as problemáticas máis concretas, como pode ser a vulneración dun dereito estudantil por un centro/profesor coas cuestións máis globais como son o papel desgaleguizador da escola ou a privatización do sistema educativo. Exemplo disto é a loita por unha lei galega de educación, campañas como a de vivenda ou accións mobilizadoras como a concentración en repulsa da volta ás aulas de profesorado machista.

As estudantes que se acheguen á nosa organización han de ver unha estrutura clara e funcional que sexa capaz de fixar liñas a seguir a través de debates desde a base e que se coordine de forma correcta desde as distintas responsabilidades de zona e nacionais para marcar e desenvolver a nosa actividade seguindo esa liña.

Para isto, a cohesión e a unidade de acción son fundamentais para sermos competentes. Isto conséguese cun correcto fluxo de comunicación interna entre todas as persoas que integramos Erguer. A comprensión das decisións tomadas, a explicación dos debates, a socialización da actualidade orgánica, manter a base organizativa informada das novidades que haxa nas loitas estudantís, manter o contacto con aquelas compañeiras que teñen máis dificultades para asistir ás xuntanzas e dar espazo e voz para a reflexión sobre o traballo desenvolvido a todas as organizadas en Erguer son, entre outras cousas, as chaves dun correcto funcionamento interno, polo que no vindeiro período será tamén importante mellorar os nosos esforzos canto á comunicación interna.

É aquí onde máis importancia cobra a responsabilidade individual de cada unha das compañeiras organizadas. Se ben é unha responsabilidade compartida e plural, en ningún momento isto é sinónimo de exención. O cumprimento coas competencias que corresponden a cada unha de nós atende ao noso xeito de entender a actividade organizada e o compañeirismo. Pero atende tamén á techedura de lazos e aos cuidados mutuos entre as integrantes de Erguer: ser responsables co noso traballo segundo as nosas capacidades é ante todo un acto de respecto cara as demais compañeiras.

A responsabilidade tamén se debe entender como o compromiso cunha actividade militante constante e sostida no tempo. Cada unha de nós debe facer o exercicio de entender os seus propios límites e capacidades para poder axudar á organización, evitando grandes explosións de actividade que queiman a persoa e os que a arrodean, e visando un compromiso duradeiro.

Para sermos unha organización competente e rigorosa é fundamental o papel da estudante militante organizada e comprometida. Esta figura atópase en toda a nosa actividade: na realización das análises correctas e máis acertadas, na chegada e presenza da organización alá onde houber un problema concreto nun centro para o poder resolver; así como no correcto funcionamento interno da organización, informando adecuadamente as estudantes, organizándoas e mobilizándoas. Para todo isto é necesario que as estudantes organizadas en Erguer teñan presente que o seu esforzo individual, desde o traballo e os debates de base até as responsabilidades que asuman, é indispensable para o avance colectivo da organización e do movemento estudantil no seu conxunto.

Na medida en que a nosa organización medra e a capacidade de marcar traballo e de actuar no mundo estudantil é maior resulta imprescindible repartir o traballo o máis posíbel. Isto implica aumentar onde sexa preciso o número de responsabilidades mais tamén repartir tarefas concretas nas diferentes asembleas que teñamos, ben sexan estas de zona ou de centro.

A formación dentro e fóra da organización

Sermos referenciais para o estudantado galego implica facermos análises rigorosas e termos unha praxe adecuada á realidade na que actuamos. Neste contexto, cómpre intensificarmos a formación dentro da nosa organización e concíbila non como algo puntual ou concreto senón como un continuo de todas as actividades que realizamos desde a intensificación dos actos de formación nacionais, tentando realizar entre unha e dúas formacións por curso, ate os debates nas propias asembleas e o coñecemento, a través da participación e reflexión colectiva, do funcionamento e utilidade das institucións.

Máis a formación non queda aí, aprendermos a realizar o traballo de base (coladas, repartos, pasa-aulas), coñecermos a utilidade que ten e os obxectivos de cada un, así como a correcta realización deles e o que temos que facer ou dicir en cada caso, tamén é parte fundamental á hora de nos formar como militantes do movemento estudantil. O compromiso individual coa formación así como a proactividade na vida orgánica e na busca desa formación resultan tamén fundamentais e complementan a formación colectiva.

En suma, sermos proactivas nos debates e coñecer os porqués e motivos daquilo que facemos, preguntando e aportando o noso gran de área que representa a nosa visión particular, ademais dun correcto funcionamento das asembleas e dun plan de formación da organización serán chave para termos unha organización ben formada e con capacidade de actuación.

Debemos ter presente, porén, que a formación e a capacidade de análise non son obxectivos en si mesmos, senón ferramentas que nos axudarán a practicar unha actividade máis acertada e efectiva. É unha obriga entendermos a realidade para poder actuar sobre ela. Posuír unha visión de conxunto sobre o mundo é unha condición para poder transformalo.

Comunicación efectiva que sume ao noso traballo

Se queremos que se nos recoñeza como un actor capaz de realizar cambios para as estudantes, temos que ser capaces de tratar a información e comunicala dunha forma rigorosa e eficaz. Non podemos caer nunha comunicación ideoloxista e con consignas baleiras que non lle aporte información ás estudantes e que as afaste de organizarse.

Debemos ser capaces de conxugar rigorosidade na información con capacidade de incidencia. É dicir, temos que facer ver que a nosa liña política é a correcta a través dos feitos, avanzando nas loitas e conseguindo mellorar materialmente a educación das estudantes galegas. É pois, coa axitación primeiro, a organización despois e a mobilización estudantil resultante que conseguiremos estes avances.








No tocante ás redes sociais, todas as contas que existan de Erguer deben de poder ter actividade frecuente. É responsabilidade das persoas encargadas de comunicación en cada zona manter informada á responsábel nacional de comunicación das actividades realizadas na mesma e xerar contidos para as redes sobre as mesmas, elaborando textos e/ou enviando material gráfico.

Erguer asumirá como tarefa durante o próximo período interasemblemear a renovación da páxina web, de xeito que esta sexa atractiva e poida funcionar como canle de entrada na organización. Recuperala para uso diario da organización e ferramenta para o debate, a formación e a comunicación será unha tarefa prioritaria. A liña gráfica da organización debe cingirse a uns estándares de coherencia, tanto de deseño como de tipografía.

A xestión das finanzas

Durante o último período, as dificultades financeiras foron un freo á actividade orgánica de Erguer, limitando a nosa capacidade de incidencia e axitación. O Consello Nacional entrante terá como prioridade a normalización financeira da organización, aproveitando todas as posibilidades e ferramentas para obter fontes de financiamento regulares e que posibiliten un traballo máis sólido. É fundamental unha xestión eficiente dos recursos económicos para podermos maximizar o seu rendemento. Este control e xestión dos ingresos e gastos estarán centralizados nas responsabilidades de finanzas e institucional para alén da autonomía financeira das respectivas zonas, as cales poderán desenvolver actividades propias e contar cunha caixa de zona.

O Consello Nacional entrante valorará o establecemento de cotas cuadrimestrais de carácter voluntario que permitan dotar a organización de certa estabilidade financeira. As principais fontes de financiamento partirán de diferentes liñas tales como a venda de material ou en postos presenciais, as subvencións ás que Erguer puiden optar como organización estudantil galega e as cotas voluntarias que a militancia quixer achegar.



ESTUDAMOS PARA
LIBERAR
GALIZA